

ACORDOS
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DIA 25 DE FEBREIRO DE 2016

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12.15 horas, do día vinte e cinco de febreiro de dous mil seis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, SE PROCEDE.-
2. ESCRITOS OFICIAIS.-
3. ESCRITOS VECIÑOS.-
4. O. M.O.G. SOLICITA LICENZA PARA RECONSTRUCCIÓN DE ALPENDRE EN VILAROSCURO - CASTENDA.-
5. SOLICITUDE DE AXUDA DENTRO DO PLAN MARCO: MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS-2016, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER)2014-2020.-
6. SERVIZOS SOCIAIS.-
7. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE TORDOIA E O CONCELLO DE ARZÚA PARA O REFORZO DO SERVIZO DE POLICIA LOCAL.-
8. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE TORDOIA E O CONCELLO DE TRAZO PARA A II EDICIÓ DA LIGA LOCAL DE FÚTBOL SALA 20 16.-
9. APROBACIÓN DE PRESUPOSTO DE CONSTRUCCIONES EN GENERAL GERMIÑAS CASTRO, S.L..-
10. INFORMACIONES DA ALCALDIA.-
11. ROGOS E PREGUNTAS.-

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, SE PROCEDE.-

É aprobada a acta da sesión anterior nº 3/2016 que tivo lugar o 11.02.2016

2. ESCRITOS OFICIAIS.-

- Recíbese escrito de Unión Fenosa distribución número de rexistro de entrada 124, comunicando as operacións de xestión de biomasa que Unión Fenosa Distribución S.A., pretende realizar neste Concello.

A Xunta de Goberno Local queda enterada .

3. ESCRITOS VECIÑOS.-

- Recíbese escrito de dona M.F.R., nº rexistro de entrada 123 , solicitando o arreglo de dous baches que atravesan a carretera do lugar de Raña parroquia de Gorgullos. A Xunta de Goberno Local queda enterada.

4. O. M.O.G. SOLICITA LICENZA PARA RECONSTRUCCIÓN DE ALPENDRE EN VILAROSCURO - CASTENDA.-

Acordos adoptados:

Primeiro. Autorizar a seguinte licenza urbanística con suxeición ás normas de edificación e condicións particulares e xerais establecidas nas correspondentes Ordenanzas:

- a) PROMOTOR: M.O.G.
- b) SITUACIÓN EMPRAZAMENTO: Vilaroscuro - Castenda
- d) FINALIDADE DE ACTUACIÓN: Reconstrucción e ampliación de alpendre anexo a vivencia

Segundo. Aprobar a liquidación de dereitos municipais, de acorde coas ordenanzas fiscais municipais reguladoras, sen prexuízo das comprobacións que procedan sobre o custo real e efectivo da obra, unha vez concluída e das liquidacións complementarias que resulten procedentes.

Terceiro. O prazo de iniciación non poderá exceder de 6 meses e o de terminación de 3 anos, a contar igualmente a partir da notificación desta resolución, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses.

Cuarto. A presente licenza concédese salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e das autorizacións e concesións a outorgar por outras administracións públicas.

Quinto. Notificarlle ao interesado a Resolución da presente autorización

5. SOLICITUDE DE AXUDA DENTRO DO PLAN MARCO: MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS-2016, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER)2014-2020.-

Acordos adoptados:

1. Aprobar a participación no Plan Marco: Mellar a de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias-2016 .
2. Aprobar o proxecto de CAMIÑO DE ESTRADA DA SILVA-ANXERIZ A AMBROA E OUTRO elaborado por don J.R.M., nº de colegiado XXXX, por un importe de 86.333,50 €.
3. Declara que este concello consta cos terreos polos que se pretende a execución do proxecto son de titularidade municipal, existindo dispoñibilidade e autorizacións e concesións necesarias para levar a cabo as obras.

4. Acreditar como representante do Concello e ante a administración a Don Antonio Pereiro Liñares.

5. O 14.10.2015 este concello remitiu as contas do último exercicio orzamentario ao Consello de Contas.

6. Declara que o concello non ten solicitadas nin concedidas outras axudas para esta finalidade.

7. Declara que este concello non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista no apartado 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. Declarar que este concello esta ao día nas súas abrigas tributarias, fronte a Seguridade Social e non ten débedas coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

9. Aceptar íntegramente os termos e prescicións e as condicións de financiamento previstos na Orde .

10. Ratificar polo próximo pleno ordinario.

6. SERVIZOS SOCIAIS.-

Acordos adoptados:

Inclusión de varias familias no citado programa.

7. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE TORDOIA E O CONCELLO DE ARZÚA PARA O REFORZO DO SERVIZO DE POLICIA LOCAL.-

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

8. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE TORDOIA E O CONCELLO DE TRAZO PARA A II EDICIÓN DA LIGA LOCAL DE FÚTBOL SALA 20 16.-

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

9. APROBACIÓN DE PRESUPOSTO DE CONSTRUCCIONES EN GENERAL GERMIÑAS CASTRO, S.L.-

Acordos adoptados:

Aprobar o presuposto presentado por Construcciones en general Germiñas Castro, S.L., para os seguintes traballos:

TRABALLOS A REALIZAR	IMPORTE
Lavar fachadas do CPI Pecalama e xim nasio + 2 postes de máquina incluídos	1815,00€
Lavar fachadas da Casa de Cultura	484,00€
Lavar fachada de Centro de Saúde	302,50€
TOTAL:	2601,50€

10. INFORMACIONES DA ALCALDIA.-

Polo señor alcalde informase da Resolución do 15 de febreiro de 2016 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 30 de marzo de 2015 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2015, publicada no DOG nº 38 do xoves, 25 de febreiro de 2016. Concedendolle 3000,00 €. -a este concello por potenciar e fomentar as actividades de educación non formal dirixidas á mocidade a través dos servizos municipais de información xuvenil integrados na Rede galega de información xuvenil.

11. ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.